

Organiza:



Concellería de Educación

20^o concurso de relato Curto do concello de grove

2013
ILMO. CONCELLO
Grove



BASES

1 MODALIDADES e CONCURSANTES

Estableceranse dúas modalidades: unha para bacharelato e outra para segundo ciclo da ESO. Poderán participar as e os estudantes do segundo ciclo da ESO e de bacharelato nas súas respectivas modalidades.

O alumnado interesado en participar no concurso poderá presentar un microrrelato —orixinal, inédito e da súa autoría— que non fose premiado en ningún outro concurso. Os relatos poderán redactarse en calquera das dúas linguas oficiais de Galicia. Cada concursante poderá presentar só un orixinal. O tema será libre.

2 PRAZOS de ENTREGA e MODO de PRESENTACIÓN

O prazo para a presentación de orixinais finalizará o día 28 de febreiro de 2013. Os traballos entregaranse no propio centro escolar da ou do estudante, e o persoal municipal designado pasará a recollelos ese mesmo día a partir das 13.30 h.

O relato entregarase impreso por triplicado e en arquivo electrónico (CD), en formato Word ou Writer nun sobre. Así mesmo, anexarase unha plica en cuxo exterior constará unicamente o título e o lema e, no seu interior, o lema e o título, xunto co nome, apelidos, enderezo, teléfono e correo electrónico da autora ou autor, así como o nome do centro educativo.

A extensión do texto será de entre 400 e 600 palabras, escrito en ordenador, con letra Arial de 11 puntos a dobre espazo, en follas tamaño DIN-A4 e sen asinar, ou asinado con pseudónimo.

3 XURADO

O xurado será dado a coñecer o día que se ditamine o premio. A súa decisión, que será inapelable, farase pública a primeira semana de marzo de 2013.

4 PREMIOS

Establécese un premio para cada unha das categorías, que consistirá na publicación do relato gañador na revista *Sustansia* do mes de abril, 100 euros en cheques regalo e lotes de libros. a entrega de premios terá lugar o día 2 de abril de 2012.

Os traballos que non resulten premiados seranlles devoltos ás autoras ou autores que o reclamen nun prazo non maior aos trinta días posteriores á publicación dos resultados na revista *Sustansia*. Unha vez transcorrido tal período sen seren reclamados, serán destruídos.

5 EDICIÓN e PUBLICACIÓN

As autoras ou autores dos traballos gañadores cederanlle os dereitos de propiedade intelectual e industrial ao Concello do Grove, que se reserva o dereito de calquera forma de publicación ou edición dos contos premiados, que quedarán en propiedade da institución convocante, sen que as súas autoras ou autores teñan dereito a máis recompensa que as cantidades fixadas nestas bases.

Ademais de na revista *Sustansia*, as obras gañadoras publicaranse na páxina web do Concello do Grove.

6 ACEPTACIÓN das BASES

A participación no concurso leva implícita a aceptación expresa de todas as condicións destas bases, incluídas a edición e a publicación, así como as decisións e o ditame do xurado, e todo iso sen necesidade de novos requisitos.

Os asuntos non especificados nesta convocatoria serán resoltos por quen organiza.